


Núm. 52

15-4-28

# nós

CASTELAO



BOLETÍN MENSUAL  
da  
CULTURA GALEGA

Direitor Literario

Vicente Risco

Direitor Artístico

Alfonso R. Castelao

Ademinstrador

ANXEL CASAL

---

DIREICIÓN E REDAUCIÓN:

Sto. Domingo, 47—OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:

Real, 36 1.<sup>o</sup>—A CRUÑA

---

ABONAMENTO

Doce números, na Península	6'00 pesetas.
Fara da Península	8'00
Número solto	0'70

NOTA

Este boletín non publicará mais orixinás qu'os que foron directamente solicitados pol-a Direición. Tampouco se fai solidario das ideas n-eles emitidas, a non ser das que por non iren rubradas, enténdense que son da Redaución.

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscritores

---

SUMARIO

Dos hermos astraes, POR JULIO SIGÜENZA.  
Prehistoria e Folklore da Barbanza, POR FLORENTINO L. CUEVILLAS E F. BOUZA BREV.  
Problemas de Xeografía Galega, POR RAMÓN OTERO PEDRAYO.  
Catálogo dos Castros Galegos, da Seizón de Prehistoria do S. E. G.  
Arquivo Filolóxico e Etnográfico de Galiza.  
Os homes, os feitos, as verbas, POL-A REDAUCIÓN.

Reloxería ZENITH

MÁQUINAS PARLANTES, DISCOS  
AGULLAS e ACCESORIOS

M. CALVIÑO - Ourense

Vicente Risco

Abogado

Sto. Domingo, 47-2.<sup>o</sup>

Ourense

# P A R D O

ÓPTICO CENTÍFICO

Preguntoiro, 32  
SANTIAGO

San Andrés, 50  
A CRUÑA

CASA ESCRUSIVAMENTE ADICADA A ÓPTICA CENTÍFICA

## X. CALVIÑO DOMÍNGUEZ

ABOGADO - PROCURADOR  
CANTÓN PEQUENO, 1 - (OFICINAS)

Teléfono, 581.

A Cruña.

## FOTOGRABADO

Si quer qu-os seus fotograbados sexan o mais perfeito posibres, convenlle envialos aos  
**Talleres de fotograbado ESPASA-CALPE S. A.**

Rios Rosas, 24 - Apartado, 547 MADRID

**BODEGAS GALLEGAS, PEARES E OURENSE**

Vinos finos de mesa: Tinto TRES RIOS. Blanco BRILLANTE

LOS GALLEGOS blanco e tinto

Macia e Valeiras, Apartado 18 - Ourense

**SANATORIO QUIRURGICO DE SAN LORENZO**

SANTIAGO DE GALICIA

DE LOS PROFESORES

**D. Fernando Alsina y D. Antonio M. de la Riva**

CIRUJANO

GINECÓLOGO

Establecimiento dotado de todos los elementos que exigen  
la terapéutica y la higiene modernas, situado en las afueras  
de la población, muy cerca del paseo de la Herradura

Teléfono número 195

Para detalles, cualquiera de los Directores o el Médico interno



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano X



Ourense 15 Abril 1928



Núm. 52

## Dos hermos astraes

### CABRAS

I

*As cabras da Vía Láctea  
tiraron ao monte hoxe;  
o cabreiro vai,  
con sono,  
meténdose n-a noite.*

*Mail-o cabrón do loceiro  
da tarde, com-a decote,  
berra, encelado e doido,  
n-a soedade da noite.*

II

*Berran as estrelas  
no fondo silenzo.  
A noite agoira saudades  
mentras,  
a neve,  
caendo,*

*vai orballando nos agros  
leite d-as cabras do ceo.*

III

*Pastoreando loceiros  
repinicaba na frauta  
o pastor,  
—vento mareiro—,  
bagullas de lus, a lua  
branca,  
de mes de Xaneiro.*

*Repinicaba saudades  
dos tempos do vrán,  
i-o inverno,  
com-unha cunca de leite  
callóu a lua no ceo.*

JULIO SIGÜENZA

Montevideo, 1928.

# CATÁLOGO DOS CASTROS GALEGOS

PUBLICADO POL-A SEIZÓN DE PREHISTORIA  
DO «SEMINARIO D'ESTUDOS GALEGOS» DE SANT-YAGO

## SEIZÓN SEGUNDA TERRA DE CELANOVA

Queda comprendida ista terra de Celanova no curso medio do río Armoia, entre os outos de Corbillón, que cinguen pol-o oeste a vila de Allariz, e a vizosa valgada de Ramirás, regada pol-o Tuño.

Determinan iste anaco de cunca, pol-o norte e facendo a divisa co río Miño, os Castros de Trelle (600 metros de altitude) e unha ringla de outeiros mais baixos que van pol-a Manchica e pol-a Merca á rematar seguidamente en dous cumes ben individualizados, o Outeiro de San Marcos e o Pico de Castrelos. Pol-o leste e sul, o val Arnoian fica afastado do Limia por un forte erguemento, cujos principaes accidentes son, o Monte do San Cibrao, de 915 metros; o do Furriolo, de 850 e o Monte Grande de Bande que atinge os 1.000 metros.

Dende os puntos mais prominentes da cunca, o terreo baixa en escalóns con debaos dondos, deica chegar perto do río, onde as costas fanse pinas, apreixando a corrente que escoa n-un leito de grande estreiteza e fragosidade.

Toda ista terra alcóntrase percorrida por infindos regatos, sendo o mais importante o Sorga ou Ribeiro, que nacendo nas abas frias do Monte Grande, vai desaugar na Arnoia, nos termos da freguesia de Barxa.

A banda da direita do val que nos ocupa, atópase formada por estratos cristaños, habendo nos fondaes algúns aluvións arcillentes e aparecendo moi abundosas as formazóns eluviales de arcillas roxas e marelás misturadas con mica e con seixo miudo.

Na banda da esquerda, sen fallar os gneis, hai mais fartura de pedra de grá, cujas penedias, dexerganse de preferenza por baixo do San Cibrao e ó sul da vila de Celanova.

Pol-a sua outura meia (500 metros) e pol-o xeito da sua agricultura, clasificase doadamente ista bisbarra entre as de meia montaña, con cultivos de centeo, patacas e millo e con bons prados e lameiros. Soio en algúns lugares baixos e ben espuestos á raxeara do sol, precurse a vide con certa intensidade e soio tamén nos outos do Furriolo e do Monte Grande, estese a serra ca sua alfombra de toxos, carpazas e pequenas carballeiras e cas suas searas severas, onde non campan os pendóns do millo.

Na banda da direita, óllanse de preferenza, masas mestas de piñeiro e na da esquerda andan mais bastos os carballos e os castiñeiro.

En toda a bisbarra, agás nos macizos montesios, inzase unha poboazón moi densa. Constituena xentes de agradabel aspecto físico e de pequena estatura, entre a que se atopan moitos tipos loiros. O seu caráter é trouleiro e divertido; son tamén sinxelos e rutinarios e grandes visitadores dos países de alen mar.

### Número 1

#### CASTRO DE TRELLE

**EMPRAZAMENTO.**—Na provincia de Ourense, concello de Barbadás e freguesía

de Sobrado do Bispo. Afastado 4 kilómetros de iste derradeiro lugar.

Está construído no cume dominante de un macizo formado por un fato de outeiros, que sen dúbida por estensón, concénse co nome de Castros de Trelle e que corren por termos dos concellos de Barbadás, Merca, Toen e Cartelle.

A parte baixa de tal macizo, áchase pol-o sul e pol-o ponente, ben precurada de piñeiras, e pol-o norte e nacente, cóbrena as touzas e viñas das freguesias de Moreiras e Sobrado, mais o centro atópase isrido de arboredo e non ten outra vexetación que as carpazas nos sitios outos e algunha herba e xuncas nos fondos lamazaes por onde corren nas invernias pequenos regatos. As abas dos outeiros son de costa lene e os cumes arredondados.

Dende o lugar do emprazamento do castro, a 600 metros por riba da xorfa do mar, ó ollar esparexese por unha paisaxe aberta, que colle estesos terreos dos vales do Miño e da Arnoia.

**DEFENSAS.**—É iste un castro de dous recintos, que se presentan ó xeito de duas terrazas ovaladas, superpostas e concéntricas, cinguidas polos seus respeitivos terrapréns, de oito metros de outo o da cima e de seis o de abaixo.

Aparecen os taes terrapréns cobertos de terra e sen ter por fora ningún siñal de muro, mais despois de practicar n-iles un corte de 50 centímetros de fondura, poímos comprobar que no seu interior existe unha muralla de contenzón; case vertical, feita con cachote pequeno de pedra esquisita, posta en seco no senso dos estratos, labrado na cara exterior e aparellado con tanto cuidado, que forma un paramento ben xuntado e liso. As murallas debían seguir sen dúbida por riba do chan ó xeito de parapeito, mais oxe non quedan de elas outros restos probabels, que os anacos de cachote esparexidos na superficie do castro.

Uns 30 metros por baixo do terrapré inferior, e soio pol-a banda careada ó norleste, vése unha área aplinada, como se ali houbera habido ou se houbera intentado a construción de unha terceira terraza.

**MENSURAS.**—As mensuras son as seguintes:

Primeiro recinto (Superior)	
Do norte ó sul . . . . .	112 metros.
Do leste ó oeste . . . . .	70 metros.

A distancia do primeiro ó segundo recinto é case constante e vai dos 46 ós 50 metros.

**OBSERVAZÓNS.**—Na área superficial do castro e mesmo na terra que remeximos ó practicar as lixeiras esporazóns, atrás menzoadas, non descobrimos ningún alicerce de casa, nin xiixerá un testo de xerra, nin de *tégula*. Non hai tampouco lembranza no pais de que tefan aparecido no sitio nin os seus arredores, obxetas arqueolóxicos. Soio na freguesía de Loiro, desviada do castro 3 kilómetros cara ó leste, foi atopado hai tres anos un tubo de barro romano, pertencente ó parecer, a unha condúzon de auga, tubo que está oxe depositado no Museu da C. de Monumentos de Ourense. Iste dato fai matinar na esistencia en Loiro de unha *villa*, quizais sucesora da acrópolis castrexia nos tempos da domiñanza latina, sendo tamén de notar pra o caso, que a *villa* de Loiro figura entre as donadas no 5 de Maio de 1133 por Alfonso VII, o Emperador a D. Martiño, bispo de Ourense, pra ampiar o coto vello da cidade (Florez, *España Sagrada*, volume, XVII, pax., 86) e asimesmo a construción de unha eirexa, case seguramente en 1110, eirexa que ainda está en pé e serve de parroquial. (E. Marquina, *San Martín de Loiro, B. de la C. de Monumentos de Ourense*, volume, III, pax., 241 e segs).

**FOLKLORE.**—Ó noso bon amigo D. Eladio Garza, veciño de Sobrado, debemos ista consella que il ouviu ben veces dos beizos dos vellos.

«No Castro de Trelle hai duas minas, unha de ouro e outra de alquitrán. O que atopa a mina de ouro faise rico, o que atopa a de alquitrán, se non morre abrasado pol-o seu lume, será pra sempre disgrazado e levará a disgraza ós seus parentes e achegados.

\* \* \*

Un mozote de Sabucedo, freguesía situada ó sul do castro, contanos ó seguinte:

«De unha vez un rapaz de Sabucedo, que andaba á gardar o gando, rañou c-un coite-lo n-unha peneda que hai no castro. Asin que o fixo píxoselle diante un xigante moi grandísimo, con ollos de boi, que lle contou que na fonte mais perto da cerca había acobillados unha cabra e mais un cabrito de ouro.

O rapaz, ainda que tomou moito medo, contou no lugar o que lle pasara, i-entón foron homes que andiveron á medir, e viron que a tal fonte era unha que deita nas abas do sul e cavaron ali e non se sabe se atoparon algo ou non».

\*\*

Un home de Pereira de Montes, freguesia raiana ca de Sabucedo refiremos iste caso que a il mesmo lle aconteceu:

«Andaba eu na sega en Castela, n-un lugar unha migia desviado de Madrid, que se chama Alcobenda, cando un señor de ali, home moi rico e dono de moitas terras, perguntoome que de onde era eu, e o responderlle que de perto de Ourense díxome.

—Quén poidera ir alá, por aquiles campos hai un castro que lle chaman de Trelle e n-il atuado moi haber e unha Virxe toda de ouro».

\*\*

O mesmo informador asegurounos que o castro está oco por dentro e que sendo ileno, había no sitio un burato tan fondo, que as pedras que se lle botaban caian sen que se sentiran bater no cabo.

#### BIBLIOGRAFÍA.—Inédito.

(Catalogado por Xaime P. Colemán e Florentino L. Cuevillas).

#### Número II

#### OUTEIRO DE VIMIEIROS OU DE DONÍZ

EMPRAZAMENTO.—Na provincia de Ourense, concello de Cartelle e freguesia de Espiñoso. Ocupa o cume de un monte de 560 metros de altitude, que se ergue cara

o leste e a menos de 1 kilómetro da aldea de Doniz.

Albiscase dende il a bisbarra rica en castros dos concellos da Merca e Celanova.

DEFENSAS.—O sistema defensivo do Outeiro de Vimieiros é complicado de abondo. Por baixo do recinto central, lixeiramente aplinado, e que conserva en moitos sitios vestixios de parapeto, óllase un aterro moi pino cuio altor vai dos 8 os 16 metros. Ó pé de il, corre pol-o oeste e sul-oeste un soio foso, ben esmorecido ás vegadas. No noroeste os fosos dupriganse e ó emprincipiar a banda careada ó leste cadupriganse, seguindo de tal xeito deixa o Sul, onde os tres mais esteriores afástanse do outro, formando un antecastro de 25 metros de longura máisima, morrendo logo ali o mais exterior de todos, e indo os demás a xuntarse co do interior.

De semellante dispositivo, dá unha ideia aprosimada o croquis que acompaña ista papeleta.

MENSURAS.—De feitura case cadrada mide este castro:

Do norte ó sul . . . 156 metros.

Do leste ó oeste . . . 150 metros.

OBSERVAZÓNS.—Non paréz que o Outeiro de Vimieiros acochara no seu recinto central costruzóns de pedra. En troques o atero que o cingue, estivo sostido por un muro que poidemos ollar ó descuberto en certos sitios onde recentes chuvias abrían un quenlle.

Convén facer resaltar a forma case cadrada do recinto interior, mais que semella así e todo ter recantos arredondados. Coidamos que iste feitío moi pouco abondoso nas costruzóns castrexas galegas, foi adoptado pra poder abranguer na área fortificada algunas penedías prominentes que por ali afroran e que en gran parte coinciden ca liña do parapeto.

No recinto interior apareceron hai pouco tempo algunhas téguas.

FOLKLORE.—Un home da freguesia de Pereira de Montes cointanos:

«En tempos o Outeiro de Vimieiros foi cidade de mouros, e de ela foron desbotados

por mor de unha grande guerra que tiveron os romanos.\*

\* \* \*

O Cabanelas, rapaz que xa nos informou encol do Castro de Trelle, refire:

«Na noite de San Xohan, sai no Outeiro de Vimieiros unha moura, que se pón por riba de uns penedos que hai na banda oeste do Castro. En canto se pón n-iles deita no sitio unha fonte, en cuia auga a moura lávase a cara e pentea os seus cabelos.

Ista moura ten encanto, e anque moita xente teña ido velar e a teñajollado sentada toda a noite penteando nos cabelos deixa á mañá en que desparece, ningúen pode agarrala, pois sempre que se tén intentado xurden cobras as moreas, que se non botan ás persoas, mais que meten moito medo. Semellantes cobras fuxirían si se souper o xeito de desfacer o encanto mais se non saíbe i-é grande lástima.

De unha vez uns ingreses non dando tino das cobras quixeron agarrar a moura, i-en-tón armouse tan grande estrondo, que fuxiron arripiados e non voltaron ó sitio.\*

\* \* \*

Iste castro ten tamén as suas indispensables trabes de ouro e de alquitrán.

#### BIBLIOGRAFÍA.—Inédito.

(Catalogado por Alfonso V. Monxardín e Florentino L. Cuevillas.)

#### Número III

#### A RODELIÑA

**EMPRAZAMENTO.**—Na provincia de Ourense, concello de Cartelle e freguesía de Espiñoso. Costruído no cume de un outeiro cativeiro e coberto de piñeiro, que se ergue a 600 metros cara o suroeste do Outeiro de Vimieiros.

**DEFENSAS.**—Un cume aplainado con lixeiros vestixios de parapeto, un atero de 8 á 10 metros de outura e restos de un foso que se fai ben patente na banda do leste.

**MENSURAS.**—De xeito circolar mede:

Do leste ó oeste . . . 40 metros.

Do norte ó sul. . . . 34 metros.

**OBSERVAZÓNS.**—Os terrapréns paréz que non tiveron muro de contenzón e que o parapeto era soio de terra.

**FOLKLORE.**—Non se pudo acadar ningún.

#### BIBLIOGRAFÍA.—Inédito.

(Catalogado por Alfonso V. Monxardín e Florentino L. Cuevillas.)

**N. da R.**—Por non se teren recibido a tempo os grabados correspondentes á iste traballo pubricáránse no proisimo número.



# PROBREMAS DE XEOGRAFÍA GALEGA

## NOTAS EN COL DAS FORMAS DE POBOAZÓN LABREGA


(Proseguimento)

As industrias da parroquia non son doadas de separar do traballo labrego. Ó igual qu'a vida de trato comercial. Cada un fai o seu viño e dous alquitareiros estilan a boa augardente *sacada a fogo*, inda se chaman alquitareiros por mais que teñan adoitado o alambique. Son moitos os homes de oficio e forman unha especie de caste qu'inda está comenzando: consecuencia da especialización que tamén vai conquerindo as sinxelas aixividias campesinas. Pol-o d'hoxe cuase que todos labouran seus eidos. Os catro ou cinco carpinteiros teñen deixado aquelas estadas que n-outro tempo armaban pra serrar os albres pois vai sendo ista, angueira dos serranchis portugueses. Houbo algúns mestre sonado no traballo de carros e pipas. Os alfaiís (duas compañías e dous ou tres d'affición) trouxeron das Américas algunas modas novas c'o portland e o cemento. Carauteristico dalgúns vellos son a boa feitura das masas pr'os *cielo-rasos*, grande luxo nos coartos, e os dibuxos no encintado das parés (bandas retorneadas, esquemas vexetais e humáns, sistemas de circos, elipses, etc.) coma dalgúns carpinteiros os fermosos trazados barrocos, d'un natural barroquismo popular, dos balcóns e cancelas. Os oito zapateiros traballan fino na goma demandada pol-a mocidá e xa non hai ningún que s'adique somentes ó crásico oficio de zoqueiro. A maior porción das pezas de pau adequírense nas tendas. Hai dous ferreiros, un muíñeiro no río do Formigueiro, que somentes moe catro meses do ano, e dous xásters, un d'eles moi gabado na parroquia e nas freguesias da veciñanza. Un cesteiro traballa dende queipínos miudos hastra os culeiros pra vendima qu'hoxe non son tan grandes coma dinantes. E outro home adicase c'a sua

xente á facer molídos de diferentes grandores con xuncas que as mulleres ll'escoiman nos lameiros e que vende nas feiras e na Praza Maior d'Ourense, a catro, ou seis reás, nos dous meses anteriores á vendima. Algúns anos ténlle rubido a ganancia de oitenta e hastra de cen pesos. Todas as rapazas mimosas queren ser costureiras d'as de puntada solta que lles permite por un xornal de catro ou seis reás á molladas facer moitas prendas n'un día (brusas de mozas e rapaces, chambras, mandis, vestidos enteiros) sin contar as remendalladas. A soila industria artística da muller manteñena tres celibatas seródeas tecedoras de fermosas mantas de lá de coñeces sinxelos e ornamentación tradicional (bandas, rosas, estilizaciós humáns); xa se contan as vellas de fuso e mazaroca como unha sobrevivencia arqueolóxica que fai tir á mocidá e as cosedoras das mantas de farrapos un tempo máxeza das solainas campesinas. Procurase pouquiño liño: Todo o indumento da parroquia ven da tenda (d'Ourense, das vilas e dos comercios postos nos lugares estratégicos das carreteiras). O labrego non figura dárse conta da contradición que poñen os xéneros e feituras d'alma-cén na villa da aldea, hoxe levado n'un senso non natural, arbitrario e comicamente tristeiro. Fánse raros hastra os xéneros dos mercados antergos e moi más os da casa. Desaparecen as saias de picote, os mantos, as chaquetas de felpa, os sombreiros de grandes azas, negros ou bermellos, as fortes almillas dos vellos espertos a se tomar do peito, as remontas decorativas, as capas e demás prendas d'aquel comercio do século dazanove inda adoitado á aldea. Somentes se mantén o uso dos panos da cabeza, en grande parte pol-a imposición da asistencia

DIBUXO  
POR XAIME PRADA





á eirexa e as necesidás de carregar feixes. Xa os xéneros calcetados trunfan en toda a liña. A parroquia entrou de cheo a ser un suburbio do comercio ourensán e dos seus refrexos espallados pol-as estradas.

Pol-o que se leva dito compréndese cales son as direuciós do comercio. Na parroquia n'hai tenda; apenas unha taberna-tenda mal provista. A maior porción do diñeiro da exportación dos froitos (centeo e millo nas feiras e almacés, gando, viño, algunha herba, e pouca madeira) empregase en mercar as cousas percisas. Somentes se mantén en grande parte o mobraxe no que non pende directamente das necesidás da altividade labrega. O franqueamento d'unha estrada que cruzando o cerne da parroquia xuntando á de Amoeiro c'a de Vigo e Ourense, faría medrar n'unha proporción insospeitada o rendemento económico d'istá parroquia, grande, de variadas terras, poboada e disposta a seguir os ritmos do vivir moderno.

Os vellos xa non son os chamados pol-as novedás. Aceitanas todas especialmente as que viven das Amérecas. Mais a situación económica non ten moito que envexar. A maior porción das casas deben diñeiro a réditos. Hai abondo de hipotecas e custiós. O caso é dino de ser un pouco considerado.

N-un tempo pagábanse moitos foros. Eles formaban grande parte do capital dos pazos da parroquia. Había pouca terra ceibe. As grandes rendas eran do señorío de condeses un pouco vagos: de Ribadavia, de Punxin, decían os paisanos referíndose á localidade das tullas. Moitas tiñan seu orixen nos foros de Oseira que tivo moitos n-ista feigresta. Hoxe pódese calcular que se teñen redimido as tres coartas partes. Mais a vida forxou outros costumes non contrapesadas pol-o espírito d'organización adoitado ás condicións xeográficas e sociaes. Desfixérónse as institucións petrúcias e comunales. Todolos fillos casados queren casa de seu, apenas se usan labouras de axuda, desenrolase un forte individualismo de orixen e influencia ciudadán. É dooroso afirmar que xa se vai notando un amolecemento no antergo espírito de traballo que ben guiado e armonizado serviría unha salvadora enerxía pr'ó pórvir.

Si pergunzádes a un labrego enxebre, de

Trasalba cal oficio lle chama, responderá, de fixo, que o de canteiro. Todos nacen c'a afición. Dende rapaces acostúmanse a carregar os picos da obra ó ferreiro, e aprenden a coñecer as diferentes crás da pedra do Rodeiro. Xa quedan poucos cotos por encetar. Tense costruído moi perpiaño nos anos derradeiros sobretodo no tempo en que a farta económica de Cuba se refrexaba nas finanzas da parroquia. Sempre houbo duas boas compañías de canteiros, chamados tamén pr'as parroquias d'arredor e pr'as casas das carreteiras. E todolos labregos saben erguer muradellas de forras, ou paredes de laxes pra pechar os eidos que pol-o crecimiento da poboazón apenas deixan aermo algúns recunchos da parroquia. Tamén a precisión de criar terra vexetal esnaquizando laxes e penedos axuda á manter a afición ós picos e tiros dos canteiros.

Pra rematar: o vivir necesariamente labrego da parroquia atópase na superficie orientado d'un xeito crecedero car'un senso vilego que non leva ningún remedio ós males sociales da parroquia pois non se cimenta na comprensión das condicións esenciais do vivir.

#### *Condicións históricas.*

As relacións naturais da parroquia foron sempre c'a ribeira e c'a montaña como n-aquila chaman á rexión dos Chaos. Nos tempos primitivos coma logo na Edade Meia o erguemento penedoso do Rodeiro asexando ós chaos foi aproveitado pol-o seu valor guerrero. Inda que se non teña estudiado metodicamente pódese detremillar a posición de dous castros: un no propio Rodeiro, outro nos cotos da rexión da Portela por riba do Formigueiro. Sempre debeu ser moi cruzada como camiño mais descansado pro val do Miño. Nos ermos do Rodeiro téñense sinalado (por Florentino Cuevillas) vestixios de mámoas. A opinión dos irmáns Boán localizando o Medulio no monte do Medelo, veciño e do propio sistema topográfico de Trasalba, parés ter somentes un fundamento etimológico, de pouco valor. A tradición constante de Trasalba fala d'un camiño que dende os fondales do Medelo, levaba pol-a rexión

dos Chaos da parroquia e pol-a veiga d'Albeiros hastra o dito coto do Formigueiro. Os habitadores, d'aquela mouras, fan pol-a estrada pra mercar a carne ó coto onde tiñan o despacho; mail'a tradición non siñala cidade nin tampouco a toponimia. Os paisanos veilos falaban d'haber atopado moitos anacos de ladrillos da dita estrada; mais por sere tareo moi labourado hoxe non se pode procurar ningún. Certamente houbo un logar en Medelo inda nos medeados do XVIII, da pertenenza da parroquia de Arrabaldo e aquela debiu ser via ben pasaxeira por moitos séculos, hastra que non cambearon os eixes de relación da parroquia. O logar da Eirexa endexamais cambeou inda qu'algunha tradición o siñala un pouquiño mais abaixo, e se fale da primeira pía d'auga aberta n'un penedo desfeito fai moi tempo. Posto á igoal distancia dos pobos centrais e dominantes, Cimadevila e Outeiro, ten ó seu arredor a fonte vella, e a chamada Parra do Caño onde sempre a mûseca bota unha tocata despois da misa da festa; istes sitios teñen un prestixio particular no folklore de bruxas e estadeas, quizás pol-a presenza do adral ou cementerio e da eirexa, quizais gardando a lonxana lembranza d'un castro ou logar primitivamente sagrado. É sabido como as eirexas foron postas no logar dos antigos santuarios. A parroquia foi sempre da Mitra, por mais que a crux do timpano da porta principal da eirexa sexa en opinión d'algúns, a crux dos Temprarios, os que asegún López Ferreiro tiveron residencia en Amoeiro. Os nomes xeográficos dos logares figuram indicar fundacions ben recuadas. Moita terra de Trasalba pagaba foros ó mosteiro de Oseira, pol-o priorato da Granxa de Sta. Cruz de Arrabaldo. De fixo o mosteiro construiu as calzadas das que se conservan anacos nas costas e a ponte dos Frades e o nome do río do Formigueiro, falan d'iste dominio de Oseira en grande parte da terra.

No coto do castro, de que temos falado, houbo un castelo que figura na lista dos destruidos polos Irmandiños. O camiño, hoxe cuase que abondoado, que por ali leva dos Chaos de Amoeiro ó val de Punxin, era nos derradeiros da Edade Meia moi transitado pol-a relación entre as terras de pan c'as do

## NÓS

víño especialmente con Ribadavia, e debía dar certa importancia ó castelo. D'il somentes queda a lembranza no nome de castelo dado tamén ó coto do Castro, e un soterraño aberto no cumo. Figura na relación de Boan (mais non na de fixo ben incomprenta de Molina) c'as de Cornoces, Liñares e Amoeiro na terra dos Chaos. E non figura na relación de fortalezas eisistentes o ano 1603 asegun a relación publicada por Martínez Salazar na revista «Galicia». Os pazos da parroquia foron ergueitos nos séculos XVII e sobretodo no XVIII; entón había moito señorío que se relacionaba c'os seus igoales d'outras terras. O feito mais significativo da organización administrativa é que toda a rexión baixa da parroquia era do coto de Arrabaldo e somentes da Xurisdicción de Amoeiro a porción outa dos Chaos e cotos. D'este xeito os logares de Soutomanco, Bergueira, Pexes, eran d'Arrabaldo e tamén o de Medelo. As xurisdiccions gardaron o senso xeneral das atribucións heretórecas. A heretórea da parroquia non conta c'a axuda dos libros parroquiales que foron queimados a principios do dazanove. Hastra os derradeiros do século XIX o logar de Fechos era da freguesía de Arrabaldo. O de Medelo hoxe non eisiste; debiu quedar despoboado a fins do XVIII pois cando a invasión francesa ocultáronse ali os veciños cas suas facendas e alaxas. Mais no censo de Ensenada contanxe as casas e citanxe os térmos; un d'ellos chamábase do Laranxeiro. Un destacamento francés chegou dende Amoeiro e ocupou por dous días o pazo de Cimadevila. No século XIX os pazos e por duas vegadas a reitoral fóreron atacados por partidas de ladrós; una d'elas a do sonado Estebo da Pobanza. N'outro tempo a parroquia amostraba os fondales inzados de pechas carballeiras onde aniñaban os lobos e atopábanse os ourizos hoxe desparecidos. Cultivábase ben pouca terra e os veciños vivian en grande nugalla moitos d'elos alimentados c'a fariná que lle daban nos pazos. Tiña sona a fartura de rendas, dezmos e primicias da eirexa; inda conserva a grande bodega e dous disformes cabaceiros. Dín que a moestra miuda se gardaba en culeiros na sacristía. Hai lembranza d'un abade que foi coengo na Catedral d'Ourense e cercou

con bôs muros as terras destrales. N'outros capídos d'iste estudo ténse falado das variaciós dos cultivos, e do desprazamento das bases do vivir económico.

RAMÓN OTERO PEDRAYO

(Continuaráse.)

LEA VOSTEDE  
A REVISTA  
MENSUAL  
Real, 36-1.<sup>o</sup>

NÓS BOLETÍN DA  
CULTURA  
GALEGA  
Administración  
A Cruña.

## PREHISTORIA E FOLKLORE DA BARBANZA

(Proseguimento)

### UNHA ESTRANA GRAVURA E O FOLKLORE DA FREGUESÍA DE MACENDA

(véxase no mapa número II).

A PEDRA DO DEMO.—Na freguesía de Macenda i-entre os lugares de Moimenta e Insuachán hai un sitio con fartura de penedos, que comestos pola erosión, coleron figuras imitantes á animaes ou á obxetas inanimados facendo un conxunto ó xeito de unha *cidade encantada*.

Moitos de istes penedos teñen nomes propios que a imaxinación campesina apricoulles asegúra a sua feitura. Son os mais conocidos os chamados *Outeiro pinto*, *Pedra redonda*, *As casotas*, *Pedra do Gato*, *Outeiro de San Xohan*, *Casotas de arriba*, *Outeiro do raposo*, *Laxe do Miradoiro*, *Outeiro da Bandeira*, *Outeiro das ventanas*, *A Cruz de Francisco* e *A Pedra do Demo*.

De todas elas solo atraen a atención do arqueólogo as duas nomeadas en derradeiro termo. *A Cruz de Francisco* é chamada así por tres cruces gravuradas, de uns 50 centímetros, que ten en diversos puntos da sua grande superficie. *A Pedra do Demo*, presenta insculturados os sinos que reproducimos na figura 32. O riscado é fondo, con señas de antigüedad e traballado no seu canle como nas insculturas prehistóricas. Chaman así e todo a atención os numeraes

arabigos que ali aparecen por duas vegadas, reproduciendo con crarezza de abonda a cifra 18. Ista circunstancia obriganos a facer con respecto á antigüedad da composición as naturaes reservas, e á notar tan soio que figuras que se imitan mais ou menos á de un 8, teñen aparecido entre outros lugares en Miedes (Guadalajara) e foron interpretadas como estilizacions femeninas. A covaña que se olla no outo e na esquerda da peneda é dende logo artifical e as tres cruces do centro semellanse moito ás agrupadas nun penedo de Vilasuso (Oia) (figura 33).

Mais apesar de tales imitanzas, voltaremos á insistir nas nosas reservas e advertiremos que o mesmo a extensión dos cultos litolátricos na Galiza, que o nome de *Pedra do Demo* que desina a pena insculturada fan matinar nunha vella cristianización desfigurada quizais mais adiante.

DOUS RELATOS.—O que conta é Ramón Piñeiro de mais de 80 anos, veciño de Moimenta:


«Cara o norte e perto da *Pedra do Demo* está a chamada *Boca do Castro*. Respetive a ela socedeulle a Xohan Francisco Beira, de Moimenta, que indo no servizo de El Rei, un africano preguntoulle de onde era il.

—Quén me dera a min pór os pes en Boiro, contestou en ouvindo a resposta. Tería diñeiro pra min e pra moitos.

Dispois engadeulle que o sitio de Boiro

onde estaba ise diñeiro era na Boca do Castro.

Alcóntranse a fartura no folklore galego relatos análogos a iste, en que un individuo, enteirase lonxe da sua aldeia do diñeiro que n-ela está acochado, ben pol-o que lle dí un mouro, ben pol-o que lee n-un libro. No castro Morgadán e no do Neixón recollimos xa referencias de ista crás que teñen ó noso sentir un orixe literario. O libro onde se alcontran as notizas dos haberres acobillados non é outro que o Libro de San Cipriano, que de tanto creto goza en terras de Galiza e de Portugal, sendo de notar que n-iste derradeiro país, do que proveñen moitos dos eisemprares que oxe se conservan no noso e no que ben veces se localiza a inesperada descuberta das notizas de tesouros a que de-



(FIG. 32).—A PEDRA DO DEMO

nantes nos referimos. A outra fonte literaria ha ser con seguranza a canzón ou miragre consinada oxe no capítulo IV da traduzón galega dos *Miragres de Sant-Iago*, onde se conta como ó cair a chave que tiña na man o ídolo do Mafometo, erguida en Cadis, toda a mourindade das Hespañas había de acochar os seus haberres. Ista consella que debu inzarse moito pol-o chan galego daría lugar á créncia de que os mouros conservaban ainda oxe a lembranza dos acobillos que por aquí deixaran. Non compre pol-o demais que insistamos n-iste tema que foi xa tratado por Vicente Risco no seu artigo *Os Mouros Encantados*, que viu a luz nos números 44 e 45 d'ista revista.

\*\*\*

«Na chamada *Fonte dos Cucos*, da mesma freguesía de Macenda, saleulle a Pedro Gar-

## NÓS

cia Villaverde, oxe morto e mais á unha irmán, unha galina de ouro cos seus pitos».

(Contado por Benigno García Villaverde, irmán do héroe e de uns 40 anos de idade).

A galina con pitos, fora de lugar poboado, é siñal de tesouro, e asín aparez consinado na declarazón de un testigo dos procesos de Vázquez de Orxas (1) e asín nol-o contaron a nós con referencia ó *Castriño da Cerca* (Castro de Caldelas).

Ora que por vegadas o siñal trasformase xa en tesouro como no caso actual e ainda en ocasións desempeña un dobre papel coma acontez en Bergantinos, onde unha galina con pitos de ouro, serve de guieiro pra chegar á un tendal de cousas preciosas.

O ADIBAL-SERPE.—Conta o xa citado Ramón Piñeiro:

«Un señor de Macenda moi rico que tiña un criado quixo viaxar e mandoulle que arregrase todo que fan ir os dous pol-o mundo. No intre o señor foise á horta, atou o diñeiro, que era moito, e atouno c-un adibal decindo ó mesmo tempo:

*Adibal eres, culebrón te has de volver  
el que de aquí te ha sacar, tres besos te ha  
[de dar]*

Mais o criado ouviuno e cando chegou ó barco que os había de levar, no instante de sair xa pr'o mar e cando todos estaban a bordo, dixo que ágardasen un momentiño que se lle esquecería unha cousa principal.

O barco agardou mais en vista de que non voltaba ergueu ancras e foise co señor só.

O criado entanto marchou ó sitio do tesouro e saleulle un culebrón grandísimo. Tremeu un pouco, mais por fin deulle un bico e o culebrón retorceuse; deulle o segundo e o culebrón apreixouselle ó corpo como si quixera acabar co-il; deulle o terceiro e o culebrón convertiuse en adibal. O mozo entón colleu o tesouro e cando o señor voltou atopouse sen ren».

Compre notar en primeiro lugar que iste mesmo conto foinos referido en Bamio (Cartil) anque unha migia mais breve. Aquí

1 Andrés Martínez Salazar, *Sobre apertura de mazmorras a principios del siglo XVII*, B. de la R. A. Gallega números 29 a 36.

o señor mete o diñeiro n-unha ola, acochaa entre certas pedras, faille unha lazada ó adibal e dille:

«O que de aquí che ha sacar  
tres bicos na boca che ha dar».

(Referenza de Secundino Suárez, de 10 anos, veciño de Vilar, nos Ballotes, Vilagarcía).

Unha variante foi recollida por Castillo (1) no *Castro de Samoedo*, (Sada) onde uns xigantes ou mouros poñen unha corda ó redor do pESCOZO de unha filla sua e despois de darrle moitas riquezas convirten a corda en serpe decindolle no castelán que de cote falan os nosos mouros:

*«El que te desencantare  
nueve besos te ha de dare».*

Lenda semellante existe en Caravia (Asturias), mais ali a corda convírtense en *cuelobre* por medio de conxuros que o encantador le n-un libro, e o noivo da rapaza chega a libertala, dando morte á besta cando ista durmía. (2)


O mesmo na Galiza, que nas Asturias, que no Minho portugués son moi abondosos os contos de tesoros e de encantamentos en que interveñen as serpes, intervencións que poden clasificarse do xeito seguinte:

- Gardando un tesouro.
- Gardando a unha persoa.
- Tomando a persoa a figura do animal.

Entre as lendas do tipo a) debe incluirse a acadada por X. Arias Sanjurjo en Santa Cristina de Parada, na que un crego que vai dacabalo, olla ó pasar perto do Mosteiro, unha morea de cousas de eirexa que están a asellar. Colle as que pode, mais a serpe, gardiana do soalleiro prendeselle na besta que non solta ata que o crego desbota unha xoia que lle recolle, volvendo despois a correr atrás do crego e trabando as patas do cabalo novamente ata que lle entregou unha

nova prenda. De iste xeito o crego solo pode salvar un cáliz que guinda dentro da eirexa berrando. «Toma iso Santa Cristina».

Tamén hai lendas de ista crás do Castro Morgadán, cujo tesouro está vixiado, asegún testimonio de unha *sabia* de Allán (Peroxa) por unha cobra que compre desencantar con desconxuras botados por un crego, e dando-lle dispois un bico na testa se é que se quer apañiar o *haber*; no Pico Sagro (Compostela) (1) onde unha serpe defende un tesouro e n-outros moitos lugares da nosa terra nos que asegún dí García de la Riega (2) hai tesoros que solo se poden conquerir ca axuda de un corvo que persiga a serpe que os garda. No Minho alcontrámonos conque entre Silvares e San João (Guimaraes) xace un *dornudo*, cheo de riquezas que se non



(FIG. 33).

pode acadar porque en canto se chega a il saí unha niñada de serpes. (3)

As consellas do grupo b) alcontrámolas na Galiza, localizadas no Outeiro de Vimieiros (Cartelle, Celanova) sitio onde vive unha moura que se deixá ver na mañá do dia de San Xohan sentada en col de unha peneda, mais cando calquer quere chegar a ela unha moitedume de serpes impídeo acometendo ó destemido; nas Asturias na Cova de San Cibrán, no concello de Gozón i-en Caravia, podéndose engadir a ista enumeración os contos a que nos referimos no comienzo de iste capítulo.

As lendas do tipo c) andan quizais mais bastas; hainas na citania de San Cibrán das Lás (San Amaro, Carbaliño) e son moi correntes no Minho e nas Asturias.

Convén notar que os xeitos pra desencan-

(1) *Los Castros Gallegos*, A Crúa, 1908.

(2) Todas as referencias o folclore asturiano consumadas n-iste capitulo foron recollidas en Aurelio del Llano, *Del Folklore Asturiano* i-en Constantina Cabal *Los Dioses de la Vida*.

(3) García de la Riega, *Galicia Antigua*.

(2) Loc. cit.

(3) Martínez Soriano, *Materias de Arqueología do Concello de Guimaraes*.

tar as serpes gardians ou pra voltar á sua figura humán ás persoas convertidas en serpes son case de cote os mesmos nos tres países. O mais usado é o bico, na testa, nos beizos ou na lingoa. Por vegadas o bico poetizase e a cobra leva entre os dentes unha fror que compre collar cos beizos (San Cibrán das Lás, e tamén nas Asturias). N-outras ocasións o bico non se precisa e abonda conque o animal bafexe na boca da persoa que fai o desencanto (Guimaraes, Minho).

Os outros procedimentos son os seguintes:

Por medio de un bolo de pan, que hai que gardar durante un tempo determinado sen decir ren a ningúen sobor do caso (Asturias) ou dándolle a comer á cobra. (Guimaraes). Iste xeito de desencanto aparez apricado ben veces na Galiza ás mouras que viven nas fontes.



(FIG. 34.)

Dándolle de mamar unha muller (Guimaraes).

Ferindoas ata que deiten sangue da testa (Guimaraes).

É isto o mesmo en Portugal que en Galiza, o modo crásico de desenfeitizar ós lobishomes.

Todos istes procedimentos son axudados en ocasións con medallas ou reliquias que leva consigo o que fai o desencanto ou con desconxuros, que nos mais dos casos teñen que ser botados por un crego.

Mais non para eiqui o papel preminentemente que as cobras desempeñan na mitoloxía popular galega. En primeiro lugar é iste reptil en compañía do lobo os dous únicos animaes

que gozan de certo prestixio máxico e son tamén case os únicos (hai na Limia a princesa convertida en rá) cuia forma collen as persoas enfeitizadas. O raposo que soa moito no noso folklore é de cote o listo pillabán das fábulas; a águia, a galiña, a cabra son cando aparecen persoaxes de apólogo, e soio a serpe e o lobo precisan de poderes especiais pra contrarrestar a sua podenza.

E ainda o intrés que o rol folklórico da serpe debe inspirarnos aumentase se consideramos as seguintes verbas de Bosch-Gimpera: (1)

«El Periplo (refírese ó periplo fonte da Ora Marítima de Rufo Festo Avieno) conserva la tradición de que los Saeves y los Cempses no son en Ofiussa (la costa de Portugal) sino una población reciente. Antes vivían allí los Oestrimnios que fueron expulsados por una invasión de serpientes».

E mais adiante:

«Schulten hace notar que el nombre de los Saeves se deja reducir al griego Sepes, o sea al de la serpiente».

E logo:

«Los invasores célticos se llamarían a sí mismos con un nombre céltico equivalente a serpiente (caso frecuente entre los pueblos primitivos) el Periplo tradujo dicho nombre al griego, sea que conservase su significación étnica, sea que ya confundiese con etimología popular la tribu con el significado de su nombre».

É ben advertir que Bosch-Gimpera coloca o mesmo os Oestymmios, pobo precelta, que os Saeves no norte de Portugal i-en Galiza e así resulta doado o comprender a indubitable importancia que ten pra nós o determinar non soio os aspectos que a serpe reviste na nosa mitoloxía popular se non tamén ver de dexergar as imitanzas e diferenzas que presentan ó polos en comparanza cos xeitos peculiares das Asturias, de cuia rexión posuimos, gracias ós traballos de A. del Llano e de C. Cabal, unha forte e ordeada documentación.

A mais dos espertos denantes aparecese-

(1) *Ensayo de una reconstrucción...* B. de la B. Menéndez Pelayo, R. de Guimaraes, vol. XXI, 1904, páx., 156.

nos a cobra no folclore galego nas formas seguintes.

- Como nemiga do home.
- Como habitación dos espíritos dos mortos.
- Como obxeto de culto.
- Na Meicía popular.
- Como amuleto pra sair ben de certos negócios.

En col do primeiro aspeito existen o mesmo nas Asturias ou na Galiza moitas referencias. Hai en primeiro lugar dous contos idénticos recollidos un por nós na Serra de Penas Libres (Vilardevós, Verín) e outros por C. Cabal en Covadonga, en que un rapaz pegoreiro que acostuma dar leite a unha pequena serpe, marcha do seu pobo, e cando volta, pasado moito tempo e vai ver o animal alcóntrase con que iste se convertiu nun mostro grandísimo. Na referencia galega o mostro come o rapaz sen lle decir ren, na asturián dille por toda esprazón istas verbas: *Porqué me dejaste solo?* Asturián é a lenda dos frades comidos por un cuello en convento de Santo Domingo de Oviedo e galega a recollida por García de la Riega, o parecer na bisbarra de Pontevedra, relativa á serpes que atraen os nenos pra comedelos e as mozas pra gozalas. No val de Monterrey dixerons a nós que as serpes acometen os homes cando están dormidos, mais que os lagartos os avisam do perigo baténdolle co rabo na face, favor que por certo, non lle otorgan ás mulleres. Nas Asturias en troques o lagarto anunzia as serpes e os homes téñen en pouca estimanza por que é o alcalote das bruxas.

Nas duas rexións é crenza moi entorgada que as cobras maman dos peitos das mulleres e da teta das vacas.

A serpe como habitación dos espíritos dos mortos é un aspeito que se alcontra o parecer solo na Galiza. Personalmente non temos acadado ren en col de il mais atopamos abondosas referencias nos escritores que se teñen ocupado da mitoxia galega.

Referíndose en xeral ás romaxes da nosa terra di García de la Riega:

\*Y por creer también que los tales reptiles son almas de personas que cumplen votos no realizados cuando vivieron, los aldea-

nos en sus largas expediciones, nunca matan las culebras que encuentran al paso limitándose a apartarse de ellas o espantarlos.\* (1)

E Federico Maciñeira, concretando as suas observazóns á romaxe de San Andrés de Teixido, manifesta:

«Por el camino... cuidan de no molestar ni matar reptil alguno de los que encuentran, porque como queda expuesto al principio son almas en pena que marchan también a cumplir la romaxe!» (2)

Idéntica noticia da Murguía en Leyendas y tradiciones de Galicia. (3)

Cumpriría así todo o acrarrar se ista crenza avencellase soio ca romaxe ó San Andrés de Teixido ou se por contra estende á outras. Coidamos que a primeira suposta é o mais verosímil por existir a tradición de que o que non vai de vivo a Teixido terá que ir de morto e por localizarse únicamente en tal lugar ista tradición.

O problema do culto da serpe na Galiza, foi abordado por García de la Riega ó discutir as conclusões de D. Xoaquín Costa, en col do emprazamento da Ofusa de Aviño.

Trouxo pr'o caso aquil erudito pontevedrés datos e argumentos de diferente valor probatorio, falando da Pedra da Serpe, no monte Confureo (Rianxo), de outras penedas que levan o mesmo nome e de vellos romances que contan as loitas que algúns cabaleiros libraban con serpes e dragones, mais o rexo da sua argumentación acadouno na diplomática e nas tradizóns medioevas que se relazionan ca lenda Xacobea, vindo a resumir os seus puntos de vista nas seguintes verbas:

«Del antiguo culto a la serpiente en Galicia consignado en la tradición compostelana del siglo IX, se hace cargo la epístola del papa de San León según el codice Escurialense y la Leyenda Floriacense, ambos de principios del siglo XI, relativas al apóstol Santiago, sepultado por sus discípulos en Libredón (templo de Baco), quienes derribaron el ídolo colosal que en este lugar había

(1) G. de la Riega, op., cit., pág., 136.

(2) San Andrés de Teixido, pág., 77.

(3) Publicado na «Temporada de Mondariz», 8 Xullo, 1915.

y el de la serpiente, situado en el monte Ilicino (así llamado *initio*, dicen aquellos documentos) hoy Pico Sacro, en la cuenca del río Ulla. Igual referencia a dicho culto hace el acta de fundación del monasterio de San Sebastián de Monsagro (el mismo Ilicino) escrita a principios del siglo X».

Craro está que non é doado dexergar o ronsel de istes cultos no día de oxe, mais a indubidabel preocupazón e preferenza que polas serpes amostra o noso folklore fai matinar nun vello totem trasformado no correr dos séculos e arriosta de algún xeito a hipótesis de Bosch-Gimpera a que atrás nos referimos.

Na Meicía popular a cobra serve na Galiza, principalmente pra curar a reuma, administrando os enfermos caldo feito co unto ou ca camisa do animal, ou dando fregas co unto no sitio enfermo. Son moitas as casas



(FIG. 35).

labregas onde se gardan coidadosamente ambas cousas, e moitas vegadas temos ouvido gabar a aizón curativa infalible e pronta de taes remedios.

A camisa da cobra úsase tamén como profiláctica contra o mal de olllo e contra outras moitas doenças.

Nas Asturias, e asegún A del Llano, a camisa das serpes empregase preferentemente pra se perservar dos doores de cabeza, levandoa metida no forro do chapeu.

Mais nas terras do Principado os restos de iste reptil teñen a facultade de dar sorte a quen os leva. Sorte no xogo e sorte no traballo asegún reza a copra:

«Pa que seas muy dichoso  
esposa mía en la siega  
has de llevar siempre al cuello  
la camisa de culebra».

Pra ganar no xogo a operación ten que ser

levada con mais tino, persegundo o animal, pisandolle a cola denantes de mata, arrincondolle a lingoa e botándoa despois de seca no chapeu do contricante na partida.

É tamén asturián a consella de que a pedra contra a sua penzofía fórmama elas mesmas, axuntándose varias e babándose. A baba faise logo pedra e cura os efectos das mordedelas.

Relazoada nalgúnha cousa con istas consellas, hai outras na nosa terra anque eiqui derivan por mais estranos vieiros pra aiutar noutra crás de negocios.

Trata iste asunto Murguía na sua «Galicía» (1) e de ela copiamos as referencias seguintes:

«Añadiremos que nuestro amigo y escritor D. Francisco de la Iglesia nos aseguró haber hallado cerca de la Coruña los huevos druídicos de cristal negro. No los hemos examinado, y aun teniéndolos a la vista y siendo reales y efectivos, libráramos el cielo de decir que eran los huevos druídicos formados por la baba de la serpiente, símbolo del universo. Más no se ha de callar que hay entre nosotros una superstición interesante y que a ellos se refiere porque es cuestión de la serpiente y de su huevo mágico. Cree la gente vulgar que, cuando el gallo de siete años pone un huevo, nace del una serpiente. Si en el momento o después que el huevo misterioso da su fruto simbólico, entra en su casa el dueño, si es él el que ve primero a la serpiente recién nacida, no hay para él peligro alguno; al contrario si es ella la que ve, porque entonces es seguro que muere aquel año».

E despois nas *Adiciones* engade por vía de aclarazón.

«Nuestro distinguido amigo Sr. D. Francisco de la Iglesia, nos advirtió que al hablar del huevo druídico, no dijo haber visto el que tiene por producto la baba de la serpiente, sino uno de cristal negro, al cual supone se le adjudicarían las mismas virtudes que al *anginum*. Hecha esta salvedad, añadiremos que la creencia en la virtud del huevo para salir vencedor en los asuntos judiciales es tan viva entre nuestros campesi-

nos, que no hace un año se vió un ejemplo elocuentísimo de ello. Un desgraciado parricida que espió su crimen en el cadalso, entró en la cárcel de Orense, tranquilo casi sonriente... El infeliz traía constantemente bajo el sobaco un huevo de cuya virtud esperaba su salvación; más como no se mudase la camisa temiendo que se le cayera el huevo en cuestión, porque en ese caso el talismán perdía su fuerza, hubo necesidad de obligarle a cambiar de ropa interior. Fué cosa que le contrarió vivamente, apoderándose de él el más grande desaliento cuando al mudarse se le cayó al suelo el huevo milagroso... Es este a distancia de diecinueve siglos un caso parecido al que nos cuenta Plinio de aquel caballero romano que para salir vencedor en una cuestión judicial se proveyó del talismán reputado como el más eficaz para ganar todos los procesos, llamado huevo de serpiente o huevo druídico».

Compre que ratifiquemos a ausoluta veracidade de iste derradeiro relato de Murguía e que engadamos que o parricida en custión coidaba, asegún nos aseguraron persoas que interviron no seu proceso, facer sair do ovo unha cobra ca quentura do seu corpo.

E pra rematar faremos ainda algunas observazóns que quizais non estean desprovidas de certo intrés e que se refiren á diante natureza das serpes asturiás e gallegas.

As cobras do folklore do Principado son case de cote unha caste espezal de mostros, os *cuelebres*, que como logo imos ver, teñen forma e costumes espezaes e por contra as serpes da mitoloxía galega son sinxelamente serpes, por vegadas moi grandes, e na maoría dos casos mouros ou mouras que toman aquil xeito ben pol-a sua vontade ben pol-a podenza de un feitizo.

No respetivo á vida dos *cuelebres* asturiás compre facer notar un chocante paralelismo, consinado xa por C. Cabal.

Referíndose a iles dí A. del Llano:

«El Cuelebre es una serpiente alada que custodia tesoros y personajes encantados. Vive en los bosques, en las cuevas y en las fuentes de gran cavidad subterránea».

«Ataca a las personas y a los animales; la

escama que le cubre es tan dura que rechaza las balas; únicamente se le puede dar muerte hiriéndole en la garganta».

«Cuando es viejo y está muy *encascorado*, es decir cuando su escama está muy dura y crecida, le prohíbe Dios permanecer aquí y se va volando a la mar cuajada, donde viven los Cuélebres que, por ser viejos, han sido expulsados de sus viviendas. En el fondo de este mar hay montones de riquezas, pero los hombres no pueden apoderarse de ellas por causa de la vigilancia de los Cuélebres».

Constantino Cabal en «Los dioses de la vida» precisa unha miga mais, e conta que a mar soterránea onde se refuxian os *cuelebres* e a que se chama a *mar tapada* onde hai un imenso viveiro de diamantes que poden así e todo apañarse botando anacos de carne atada con cordas por certos buratos que van dar a aquela mar. Os diamantes apeganse á carne e pra recollelos soio hai que erguer os anacos tendo tino de ceibalos da voracidade vixiante dos cuélebres.

Notou xa o devandito etnógrafo a forte semellanza de iste relato co consinado na Segunda Historia de Sinbad o Mariño na que iste refire como caíu n-un val fondo como un puzo, inzado de penedas de diamante e de diamantes soltos, mais cheo tamén de cobras grandes como palmeiras. E conta despois como os homes botaban dende enriba anacos de carneiro ós que se apegaban os diamantes, anacos que as aves-rocks levaban nas suas poutas á superficie da terra habitabel, sendo recollidas de tal xeito por aquiles mineiros de novo xénero.

O parelilismo é tan esaito que fai matinar n-algunha cousa mais que n-unha sinxela coincidencia, sendo ben que lembremos pr'o caso que asegún a crítica dos testos das *Alf Laylah Ouia Laylah*, os viaxes de Simbad foron redactados denantes do século X e apóndolle ainda algún escritor unha orixe malaia.

A indole somente espositiva que quixemos dar a iste traballo, impidenos alongarnos en novas considerazóns e decir algo en calda estensón e significanza do culto da serpe nos pobos antigos e relazoar as almiñas-serpes que fan a romaxe á San Andrés de Teixido, con outros espíritos de mortos que re-

visten idéntica forma na mitoloxía grego-romana.

Pol-o demais pouca perda é un aprazamento en tal cuestión xa que ista parte do folclor galego pódese decir que se alcontra ainda no período de recollida de materiais.

#### A PEDRA DA CRABA

(véxase o número 12 do mapa)

Alcóntrase a pedra de iste nome na freguesia de Cespón, concello de Boiro, perto do mar e uns 50 metros cara ó oeste do cruceiro de Cubelijo. É unha peneda de grá que afrora ó chán horizontalmente e que presenta insculturados dous animaes, postos un en col do outro (fig. 34).

O da parte superior que é moi meirande qu'o da inferior, mede de longo 50 centímetros representa á un animal seguramente do xénero *capra*, os cornos lixeiramente curvados e botados cara atrás.

Pertence ista figura a un tipo pouco abundoso entre as representazóns zoomorfas galegas. Emparentado cas do grupo *a*) da clasificación denantes enunciada, diferénciase así e todo dos cervos dos Ballotes e dos animaes de Axeitos na estrema delgadeza do corpo que contrasta co exagerado abultamento que no de aquiles se observa. Por outra parte a forma de estar tratadas as patas é tamén distinta; as dianteiras saen angularmente de un mesmo punto do peito namentres nas figuras dos Ballotes e de Axeitos afástanse unha da outra como se buscaran dar unha sensación de perspectiva. As patas traseiras en troques óllanse interpretadas do modo típico das insculturas do tipo *b*) esto é continuando sinxelamente as liñas arredadas do lombo e do ventre.

A pesar das suas singularidades non deixa de ter ista figura os seus paralelos na mesma terra arousán podéndose olar nos gru-

pos dos Ballotes e do Meadelo duas representazóns de estilo ben imitante á que nos ocupa. (1)

Compre tamén facer notar o circo incompreto que aparece axuntado a unha das patas traseiras de ista figura e observar a sua imitanza co outro circo incompreto que se olla posto a rente do coarto posterior de un dos cervos da composición principal dos Ballotes.

O pequeno animal que se atopa insculturado por baixo do anterior, áchase ou incompreto ou moi esmorecido pol-o tempo. Pol-o que de él pode ollarse parece que debe pertencer ó grupo *b*) da nosa clasificación.

Pertence iste fermoso pazo, situado na freguesia de Lampón, concello de Boiro, a D.<sup>a</sup> Mercedes Caamaño, viuda de Sanjurjo, cuio administrador amostrounos os tres devanditos machados barceiros, que forman parte de unha curiosa colección de armas.

O primeiro (fig. 35, núm. 1) é de serpentina e presenta no cabo inferior dous estreitamentos pra facilitar o mangaxe.

O segundo (fig. 35, núm. 2) é de fibrolita e de gume case reito.

O terceiro (fig. 35, núm. 3) tamén de fibrolita e unha aixada ben caracterizada pol-a forma do seu gume.

Os tres teñen as caras paralelas i-están polidos cuidadosamente. Por estas circunstancias e pol-a crás de pedra con que están fabricados, debense clasificar todas estas pezas n-un eneolítico xa adiantado.

Ignoranse as condicións do seu achadego, sabendose somente que se atoparon na Barbanza.

(1) Véx. F. Bouza Brey Trillo, *Una estación de Arte rupestre en las inmediaciones de la Ría de Arousa*, t. n. das «Actas y Memorias de la S. E. de A. E. y Prehistoria» volume, VI, 1927, figuras 13 e 22.

FLORENTINO L. CUEVILLAS E  
FERMÍN BOUZA BREY

LEA VOSTEDE A PRIMEIRA PARTE DE

## OS CAMIÑOS DA VIDA

NOVELA POR OTERO PEDRAYO

## OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS

UN INÉDITO DE NIETZSCHE: «SOKRATES UND DIE TRAGOEDIE»

A traxedia grega afondiuse con Eurípides; non morre, mainamente, da propia morte ó igoal das outras artes suas irmás maiores. Ben fixeron os autores da nova comedia ática honorando a lembranza de Eurípides pois ollaban n'il o criador do seu xénero. Il levou a escea ós homes meios e as laticadas de todolos días cando dinantes no grande drama musical somentes falaban persoaxes d'outo estilo, fillos dos heróis e dos semideuses ou os istantes de suprema eisaltección das almas. Eurípides sentía a traxedia e teimaba seguir o camiño esquileano, mais home de espírito crítico, ouservou coma a nova burguesia faciase indefrente á inmortalidade, ó pasado e ó pórvir ideal. Esquilo e Sofocles non desmontaban o mecanismo psicolóxico; un gran fondo inconsciente que non fala todo e deixa aduñiar mais do que di—grandes momentos patéticos gardando o carauter do dithyrambo dionisiaco—enchia o arte en grande parte istintivo do drama musical grego. Eurípides percibiu a decadencia d'iste drama porque estaba conqueredo pol-o spr to socrático, é dicir: consciente, crítico, razoador, apollíneo. Eurípides é o poeta do razionalismo socrático. Os do seu tempo ben percibiran a relación dos dous homes. A fó mula de Eurípides: «todo ha ser consciente pra ser belo» correspón dese c'a de Socrates: «soilo é bô o consciente». Os conservadores consideraron ós dous estragadores do pobo e da mocedade. E o oráculo délfico afirmando ser Sócrates o mais sabio dos homes dixo tamén que Eurípides era o seu segundo en sabiduría. Sócrates fanático da lóxica despreza ó mesmo tempo ó arte e mais ó instinto. Sócrates trastocou a verdadeira xerarquia das cousas: seu demónio somentes actuaba en senso negativo; n'il a parte do instinto era crítica e somentes foi creador pol-o consciente. Tamén Platón, vítima do socratismo, pensaba qu'a traxedia debía ordearse no mesmo plán qu'as artes cosméticas e da cocília. Pra chegar a iste extremo tivo que sacrificar nas aras de Sócrates a sua admirabre natureza artística, e defender ó artista filósofo contra o, asegún il, artista inentilixente. Tifia razón Aristófanes cando facía cantar ó coro: «Saúde a quien non vai laticar con Sócrates. Saúde ó que

non maldizoa as Musas e non sinte un cego desprezo pol-o subrime da traxedia». Sócrates non sentía a música, foi o precursor da cencia que debía nacer na Grecia. E a cencia e a arte son contrarias. Foi o primeiro gran grego feo: ollos de cangrexo, nariz cóncava, boca grossa, fala tateante. Pai da lóxica e destroitor do drama musical que concentraba toda a lüs da arte antiga. Mais o socratismo é mais vello que Sócrates; seu elemento propio, a dialeutica, xurde na traxedia cando empeza o predominio do diálogo que inicia a evolución remataba na peza de intriga c'a morte da música esencial ó senso verda-deiro da traxedia. Ista era *pesimista*, nada no mantanial fondo da piedade: o héroi tráxico bótase na desgraza, cego, c'a testa en volta en veos, sin consolo, cheio d'unha nobreza que fire as almas. En troques a dialeutica, procurando a causa e o efecto, negando todo o que non se pode analizare por conceptos, é por natureza, *optimista*. Desque tal elemento entrhou na traxedia produxo unha oposición semellante á da matemática e a música modernas. A dialeutica olla na desgraza un erro de cálculo e cando destroiu á traxedia pudo chegar a comedia. As tres expresións Socrátecas: «virtude é saber; somentes se peca por ignoranza; soilo é feliz o home virtuoso» mataron c'o seu optimismo á traxedia pesimista. Non deixou qu'o diálogo e o monólogo se fundiran c'a música, e a música afastouse da traxedia procurando na forma d'unha arte absoluta un desenrollo ceibe. Morreu en Eurípides o drama musical cuio cumé e frof foi Esquilo. Morreu pra sempre o drama musical? O Xermano non pode criar outra cousa que a *grande ópera*, que respeito do drama musical antigo é como o simio acarón do Hércules? Iste é o noso mais grave problema. O Xermano que de tal xeito non'sinta é que morreu baixo un novo socratismo que non fai mártires, nin fala grego, nin se gaba de saber rén; a Prensa de hoxe.

Estas liñas queren coller as ideias esenciais da conferencia que F. Nietzsche fixo no Museu de Basilea nos comenzaos do 1870. Estivo inédita, aparte d'un pequeno pasaxe hastra que Max Oehler, arquiveiro do *Nietzsche Archiv* diulla a *Commerce* na que se publicou («cahier XIII») con tradución de I. Paulhan, un dos colaboradores na nova Biblioteca das Ideas.

A BIBLIOTECA DA «REVISTA  
DE OCCIDENTE»

**N**ON é preciso meterse de novo na discussión do meridiano. O mellor será que cada terra se rixa pol-a sua hora. Somentes de tal xeito se mantén a armonía cósmica. Mais non se pode esquecer como todos os meridianos arelantes procuran un polo, de pensamento; é xusto notar—o comentario agora soílo confirma o sentir dos escollidos—como un feixe de meridianos, da Europa central, pasa por Madri. Ten sua oficina de lonxitudes na Biblioteca da «Revista de Occidente». As coordenadas refirentse ás diversas filosofías xermánicas. Antigas e novas locen as costelacións con lume sempre animador. ¿Que importa qu'algúns teñan morto namentras brile seu raio? Entre as xeometrías que disponen as craras estrelas talladas en diamantes ceibes, albiscanse nebulosas, materia primixenia, sin orgaizar. Hastra o lume refrexado na curtiza dos astros mortos dí pol-o menos a sua malenconía. Pois todo pende en grande parte do ollar que enxerga, un pouco menos, da perfección do telescopio. As estrelas como os filósofos endexamais adequiren grosor real apesar dos adiantos da técnica. Son sempre puntos lúmiosos, instantes do decorrer d'unha lúa inmorredoira: o misterio da individualidade. Sempre é boa a compañía d'un filósofo. Hoxe inda máis. Xa estamos cansos de tomar por costelacións as luces municipales das cidades na noite, e por nebulosas as rúas almeadas polos dancing. Hai que escolmar ou armonizar entre a escuridade das carballeiras e a esfera do ether.

Inda está por esquirbir a hestoria da primeira aventura da filosofía alemana na Iberia. O terceiro tomo dos *Heterodoxos* soberbio de mocidade foi demasiado d'un tempo e do tempo do seu autor. A cerveza que beberan na Xermania os primeiros pensionados—lembremos as tertulias de Sanz del Río—soílo trouxo outros pesadelos á noite española do dazanove. Os pensionados d'agora saben onde beben e ván dotando o castelán d'unha Biblioteca filosófica, quizais unica nas falas romances. Tefien o senso da vida e da curiosidade esperta: acarón de Max Scheler chega Brentano. Xa Simmel, Frobenius, Messer, figurán na primeira educación do estudiante universitario que non fai moito se mantiña de positivistas e krausistas remocicados e tiña esquencida a escolástica. Pois sin dúbida un dos maiores pecados contra o Espírito feitos polos Liberalismos Español foi a supresión das Facultades de Teoloxía. Imonos curando d'aquila separación entre a filosofía e a vida. Xa de cando en cando a lúa d'unha das grandes estrelas

## NÓS

decorre longa e seria sobre o *stadium* dos ensaistas. Xa vai sendo temerario o descubrimento dos mediterráneos como no tempo do 98. Aixiña sairá unha tradución da Filosofía da Hestoria, de Hegel. Agardemos que non se demorarán os románticos, e no seu centro a nebulosa, vibradoira de lúas moza de Schelling. En Francia baña moitos rapaces na sua espranzada alborada. A *Revista de Occidente* tén de cheo dereito ó seu tíodo.

## O CENTEARIO DE IBSEN

**E**n moitos centenarios a data do dazanove asombra somentes pol-a obriga da lembranza, a data do vinte. O nome de Ibsen endexamais foi esquencido: segue alentando seu vasto peito criador imponendo a meditación apaixonada de fortes realidades envoltas nun ensøño lonxano de Wiking afeito a navegar polos mares onde cruzan pelengrinos os icebergs. Pois en Ibsen hai un grande sopro atlántico e unha étnica esperencia de pobo mariñán. Abonda a lembranza da *Dona da mar*. Ibsen viviu en Beugen, vella vila auséntica e sempre tivo moito de capitán de navegación *au large*. Os mariños sempre foron fieis a Ibsen: Nansen dixo que o poema ibseniano *Terfe Vigen* foi o que o sostivo nas longas noites de inquietude na sua primeira expedición polar. Ibsen atópase en todalas bibliotecas islandesas. Non lembro onde teño lido a chegada d'un barco noruego que levando o nome do autor de *Nora* a un isolado fiord da costa de Chile; un nome pra ligar os fiords do norte c'os do Sul. Os homes, entón novos do 98 sentían en Ibsen a paixón mellor encarnada en esquirtor, do século dazanove: soupo ferir as realidades com as augas firen as costas rocosas e crían mornas badías femeninas, fondas, azues, com as almas das mulleres ibsenianas. Tivo que xurdir nun pobo sin mais tradición literaria que a folklórica pra mellor enxergar, c'os ollos lavados pola lúa dos neveiros os problemas morales da Europa. Seu país non o quixo, mais con certa coquetería de paisano que olla a un fillo prodixio. Il moielle quería; hastra gardaba a gravidade xermánica, deixábase chamar o Dr. Ibsen e puña todalas condecoracións como un Leibnitz. É curiosa a sua comparanza con Strindberg; os suecos e daneses ollaron mais pr'o Báltico, o Mediterráneo do Norte.

Suscribase a

**“A NOSA TERRA”**

Idearium das Irmandades da Fala

*Imp. NÓS, Real, 36-1.º A CRUÑA*

No diario asco dos nenos empieza  
Use o novo cristal PUNTAL, fabricación de Zeis,  
e escrusiva da

# CASA DE LOS LENTES

Plaza Mayor, 18.

OURENSE.

Droguería e Farmacia  
**LUIS FÁBREGA**

Progreso, esquina a Luis Espada

OURENSE

MERQUE VOSTEDE  
Plumeiros **RAFIUM**

De mais dura qu'os de pruma e limpan  
millor. Véndese en todolos estabreci-  
mentos do ramo

Andrés Perille - OURENSE

**F. ROMAN E SACO**  
**DROGUERIA**  
**e FARMACIA**

cación do estudante universitário que non  
fai parte da minoría dos neositivistas e kras-



## A hixiene dos nenos

é a garantía da sua saúde física e moral o día de mañá.

No diario aseo dos nenos emplee o **"Jabón Sales de la Toja"**, único que as suas altas calidades meiciñas xunta toda a finura e pre-fume d'un xabón de tocador.

Contribuie ó perfeito des-enrollo das criaturas e evita o perigo da escrófula e o raquitismo.

**JABÓN  
LA TOJA**  
ÚNICO EN EL MUNDO

1 pta  
PASTILLA



O Xabón da Toxa  
ademas de ser o mellor é un  
producto galego que nos  
honra no mundo enteiro



AGUAS DE  
**MONDARIZ**  
FUENTES DE GÁNDARA Y TRONCOSO  
Propiedad de los Sres. Hijos de Peinador

Véndese en todal-as  
Boticas, Drogueirías  
Hotels,  
Depósitos d'augas  
minerás,  
Restaurants e  
vagós-camas de  
todol-os trés

Estas augas, de sona universal son o reme-  
dio enxebre e eficacísemo

cand'un quer combater o  
Artritismo, a Diabetes, Desnutrizón, Obesi-  
dades diversas, doenças do Aparello dixes-  
tivo, Anemia e Neurastenia

Riquísima auga de mesa  
gaseada naturalmente

MONDARIZ-BALNEARIO Áchase á 35 Km. de VIGO